



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O PROXECTO DE CONSOLIDACIÓN DO I PLAN ESTRATÉXICO DA REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO 2020-2030 E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

(1) A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no ámbito da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. No seu artigo 84 apartado 2 enúncianse as modalidades da cooperación económica-financeira da Cooperación galega, entre as que se atopa a Educación para a cidadanía global: comprende as actuacións que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a promoción da cultura da paz e o compromiso coa xustiza social, e o desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global. Dentro da educación para a cidadanía global quedan incluídas as actuacións de sensibilización e formación para a concienciación da sociedade galega, a incidencia política e a mobilización social e mais a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento para o desenvolvemento de Galicia a fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

O V Plan Director da cooperación galega establece como necesario o fortalecemento da capacidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación para un maior alcance das súas actuacións, para o cal apoiará a formación, capacitación e fortalecemento dos mesmos. Entre os axentes galegos de cooperación as universidades teñen un papel destacado e que se está a potenciar nos últimos anos.

(2) Antecedentes:

Desde o ano 2004 ata o ano 2011 a Xunta de Galicia colaborou de forma ininterrompida coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coa Universidade da Coruña (UDC), a través da sinatura anual dos respectivos convenios



de colaboración con ambas universidades para o apoio á realización de actividades de formación e sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento no ámbito universitario.

O importe total das subvencións concedidas pola Xunta á USC no período 2004-2011 foi de 471.245,00 €, mentres que o total das subvencións concedidas á UDC nese mesmo período foi de 385.564,00 €.

Debido ás reducións orzamentarias que afectaron ao programa de cooperación exterior naqueles anos, ditos convenios non se puideron asinar no 2012 nin no 2013.

Posteriormente, no ano 2014 asinouse o primeiro convenio para a conformación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD), cunha subvención por importe de 99.000 €. No ano 2015 asinouse un convenio para a consolidación de dita Rede cunha subvención de 102.633,00 €. Tamén no ano 2016 asinouse un convenio bianual para o fortalecemento da RGCUD, cunha subvención de 100.000€ (60.000 no 2016 e 40.000 no 2017). No ano 2018 asinouse outro convenio bianual para o mesmo fin por importe de 82.577,00 € (42.570,00 € no ano 2018 e 40.007,00 € no ano 2019). O pasado ano 2021 asinouse un convenio anual por importe de 40.000,00 € para o proxecto para a implementación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, que vai ter continuidade o presente ano. No ano 2022 asinouse un convenio bianual para a consolidación deste I Plan por importe de 100.000,00 € (40.000,00 € no ano 2022 e 60.000,00 € no ano 2023).

(3) Finalidade

Co fin de dar continuidade á colaboración coas 3 universidades para o fortalecemento da RGCUD, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2024.

(4) Obxecto

O convenio ten por obxecto mellorar as capacidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) para a consolidación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.



(5) Tendo en conta que a singularidade deste proxecto ven determinada polas accións que se pretenden desenvolver para a consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD); pola propia natureza das entidades solicitantes da subvención, as tres universidades galegas, así como a súa urxente posta en marcha, esta Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera xustificado que a axuda se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración, ao amparo do establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 80.000,00 € (oitenta mil euros), con seguinte desglose:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2024	Anualidade 2025
35.07.331A.444.0	40.000,00	40.000,00

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

